

Resumo de axudas a proxectos de comercios do IGAPE dentro do programa FEDER Galicia 2014-2020.

(Instituto galego de Promoción Económica).

Bases reguladoras das axudas aos proxectos dos comercios retalistas galegos para contribuir á reactivación do comercio galego garantindo a seguridade laboral e xeración de confianza no consumidor.

Programa operativo Feder Galicia 2014-2020

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 31 de xullo

Crédito: 5.000.000€

Cuantía: 100% dos conceptos subvencionables o importe estará entre os 300 - 1200€

Axudas de minimis

Se subvencionan os gastos comprendidos entre o 15 de marzo e o 30 de outubro.

Posibilidade de solicitar un anticipo do 50% da axuda co límite de 600€ sen necesidade de cubrir garantías.

Non se esixe o requisito de **estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias** ou á seguridade Social ou ter pendennte de pagamento algunha outra débeda coa Adminintración pública da Comunidade Autónoma **ata o momento da xustificación da axuda.**

Beneficiarias

- Pequenas e medianas empresas.
- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
- Comunidades de bens.

- Calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que poida levar a cabo os proxectos.
- Que estean dadas de alta nalgunha das epígrafes do IAE do anexo I.

Proxectos obxecto de apoio:

1. Os proxectos deben derivar do informe de autodiagnóstico efectuado coa ferramenta Comercio Seguro Galicia que deberá achegarse xunto coa solicitude da axuda.
2. Proxectos que inclúan unha ou varias das seguintes actuacións:
 - 2.1. Medidas de protección dos empregados e clientes:
 - Pantallas protectoras para mostradores e zonas de caixa.
 - Vinilos adhesivos para a delimitación no chan de zonas seguras.
 - Dispositivos de control de capacidade e de sistemas de contaxe de clientes ou outro sistema para garantir a distancia entre clientes.
 - Dispositivos de control de temperatura.
 - Calquera outra medida das recomendadas pola autoridade sanitaria.
 - 2.2. Adaptación do establecemento comercial para reducir o contacto do cliente con elementos e superficies:
 - Portas de apertura automática.
 - Instalación de puntos de autopagamento.
 - Sensores de luz.
 - Calquea outra medida ou dispositivo para minimizar o contacto.
 - 2.3. Adquisición medios de protección e hixiene para comerciantes e clientes. Este epígrafe non pode exceder o 20% do total das actuacións subvencionadas.
 - 2.4. Instalación de equipamentos de desinfección de superficies, ambientes e produtos.
 - 2.5. Contratación de servizos para reforzar a limpeza e desinfección.
 - 2.6. Adquisición de equipamentos que permitan a ventilación
 - 2.7. Cartelería e puntos de información sobre as medidas de prevención.

Solicitud e documentación complementaria necesaria para a tramitación

Formulario a cubrir a través da aplicación do enderezo:

<http://www.tramita.igape.es>

Nese formulario realizaranse as seguintes declaracións:

- Que se asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión.
- Cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.
- Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa.
- Cumprir os requisitos de peme.
- Menos de 10 traballadores.
- Sistema de contabilidade separada.
- Manter os activos fixos subvencionados en periodo establecido no art.15.
- Conservar os libros contables, rexistros..., nun periodo de 3 anos a partir do 31 de decembro.
- Declaración doutras axudas de minimis.

Prazo de 10 días hábiles para requerir documentación no caso de ser necesario.

Nombre del Organismo o institución: **Instituto Gallego de Promoción Económica (IGAPE) Consejería de Economía e Industria Xunta de Galicia.**

Dirección postal:

C/ San Lázaro, s/n

Complejo Administrativo

15703 Santiago de Compostela

Datos de contacto:

Teléfono: 902 300 903 / 981 541 14

Fax: 981 558 844

Web: www.igape.es/